

822

*éltiga*



Óleo de Imeldo Corral

# SAUDADE

Novela original de JAIME QUINTANILLA

30 céntimos

R 13978

DE 9.17.662



Céltiga

NOVELA MENSUAL ILUSTRADA

FERROL

Diretor:  
Jaime Quintanilla.

Segredario:  
Fiz Álvarez do Castelo.

Administrador:  
Manoel Morgado.

Gerente:  
Ramón Villar Ponte.

REDAUTORES E COLABORADORES:

Jaime Quintanilla, Antón Villar Ponte, Gonzalo López Abentez, Manoel Lustres Rivas, Roberto Blanco Torres, Victoriano Taibo, Eugenio Charlón Arias e Manoel Sánchez Hermida, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Eugenio Montes, Antón Losada Diéguez, Manoel F. Barreiro, Manoel Antonio, José Castro Rodríguez, Nicolás García Pereira, Pedro Fraga de Porto.

PINTORES E DIBUJANTES:

Alfonso R. Castelao, Camilo Díaz Baliño, Imeldo Corral, Alvaro Cebreiro, Farruco Lamas.

O segundo número de CÉLTIGA, publicará

**Os Catro Cisnes Brancos**

Lenda celta por Louey Chisholm, traducida directamente do Inglés á o galego por Manoel Fernández Barreiro, c'un dibujo do inmenso CASTELAO

A 30 CÉNTIMOS EJEMPLAR

ANO I

Marzo do 1922

NÚM. 1

# SAUDADE

NOVELA ORIGINAL DE JAIME QUINTANILLA

## I

### CANTIGA LÍRICA Á O MAR

Espello...

Espello da terra y-espello do ceo. Do ceo azul, que  
faite azul. Do ceo cheo da centilación da lua, nas noites  
saudosas. Do ceo anegrido, nos días de trebón, nos qu'o  
teu balbordo é unha rojente cantiga. Da terra verdecente:  
a dos cóns irtos e dispidos, a das lajes cubertas da verde  
tona do arneiro, a dos pinos druídicos qu'érguense, avis-  
cantes, na soedade árdiga da beira-mar. Espello, asi-  
made, das terras do Alén; das terras lonjanas da outra  
banda, gaiola da Raza e do Espírito da Miña Terra.  
Espello dos remos afiados, cheos d'arruzada, que  
fírente pol-as noites, dejando deitaren as pingotas de  
prata das pantásticas fugeiras. Espello das velas albas e  
dos homes lanzales que, acaroados á os bances dos barcos,  
ollan as suas facianas na tua faciana...

Artista...

¿Por qué as tuas coqueirías co'a terra, sen acougo? O teu abalo e o teu debalo ¿non son femíneos? No abalo acaróaste, namoradizo e besuqueiro, e cando somella que chegas á seres da terra e que morres n-ela, fujes novamente, e voltas, e desfaste en cadoiros e debalas de novo... ¿Pra qué os teus balanzos? Y-entr'os teus agarimos e as tuas fugidas és o mais jurdio arquiteuto do mundo. Apouvígal-as lajes, abálalas, derrúbalas, amolécelas. D'unha aresta irta fas unha liña donda. D'un forte penedo unha pedra pedriña. Cando t'atopas c'unha montaña apréijala nos teus brazos gigantes, esnaquízala, e lévala á outros continentes, en anzós cativos, onde pouquiño á pouco vai jurdindo a figura lumiosa da tua nova creación. És escultor. E do teu cicel saen figuras esvaídas, á o longo da beira-mar: testas como montanas, abrayantes pantasmais, moustros qu'arripían; lubricás, zucios, trasnos... És músico. Bruas sinfonias e, acaendo c'o vento rojente, cantas cantigas d'unha fonda pasión enmeigadora. Nas noites de lua arregoada voltan á arreital-as fontes do teu amor, e dúrmeste, ouvindo o calmuzo da estividade, nas areias soñolentas. És pintor. E do teu pincel de jebra e argazo jurdiu a decoración do Cabouco d'Azur, na Illa de Capri, turquesa escintilante...

Matriz...

As lamugueiras dos teus fondos son, hoje, os nosos piñeraes, as herbas arrecendentes, as froles dos nosos

campos, as castañas dos castiñeiro. No teu seo rebulda, chouta e ferve, á cachóns, a vida trunfadora. Nos teus mouros fondos hai paisajes bretemosas, condanadas á eterna noite d'unha escuridade eterna. E n'ista escaridade escintilean as lámparas milagreiras d'uns peijes meigos. Milleiros de seres vivos boligan en tí, como n'un niño agarimoso. En tí morren e des seus cadavres tiras novos milleiros de vivas á inzal-a vida novamentes. Todo tú és azelmoso e soio en tí e por tí jurden novas lurcas labradas no lar da vida universal...

Saudade...

Por saudoso cántoche ista lírica cantiga. E por saudoso saeu de míñ ista noveliña, tan ateigada de saudade com'as tuas augas salgadas...

## II

### O RONSEL

Mais a saudade do mar é a saudade do Ronsel.

¡Velas brancas dos galéos, que cinían c'o leste, á fuginren pr'as Indias! ¡Preguiceiras carracas, acuguladas c'os tesouros do Alén-mar, coutadas pol-os brazos de ferro dos achinados capitás: mariños e piratas n'unha peza! ¡Algareiras urcas, c'o felo na proa, á dormiren no calmuzo das largazías atlánticas! ¡Carabelas de Pontevedra e de Poyo, mortas da saudade do ignoto, á donaren á o mundo un Novo Mundo! ¡Naos que loitaban c'os corsarios

ingreses, saídas dos astilleiros de Ribadeo! ¡Fargatas que levaron á Princesa Catalina! ¡Pataches das Molucas, tan amados dos sonos imperiaes do Emperador Calros I! ¡Návios da «Invencibre» e do general Zubiaur, asolagados pol-as feras ardentías! ¡Naves do Almirante Payo Gómez Charino, cheas do recendor lírico das «froles briosas»! ¡Veleiros das confradías de mareantes, dura escola de maestres e mariñeiros, á bogaren pol-as «ondas do mar de Vigo», tan amadas do Martín Códax!...

...Os vosos ronseles labraron na-y-alma da Terra unha estrada de cobizas degoirantes; unha eterna sede de nírias visiós. Os vosos ronseles son-o cravo de ferro cravado no curazón da Miña Raza: ja pra sempre á degoirare e á asenllare as vosas fasquías...!

Como a Princesa Constanza, filla de El Rei D. Pedro, que foi á chorare nas areias do Orzán, pol-o pai que non voltou, a Miña Raza chora de joenllos, morta de delor, por todol-os que fóreron e non voltaron, por todol-os que d'outras terras viñeron e dejaron na Miña a frol da sua estranjeiría. ¡Ainda agarda a Miña Terra pol-as naos dos Fillos de Breogán, e ten saudade da terra verdecente qu'adiviña no seutrión, e olla no mar, como unha liña de lus, o ronsel que dejaron aquelas naos!

A Miña Terra chora pol-os ronseles que levaban á Génova e á Nápoles, pol-os que dejaban as fargatas qu'iñan á o Alén-mar e as urcas que voltaban das Indias e as goletas que faguían o comercio co'a Ingraterra... ¡A

Miña Terra, coutada pol-os mouros fillos do Sul, agarda,  
acesa d'espranza, por aviscare na longedade os ronseles  
dos bergantís do Norte, nos que terán de viren os homes  
de cabelos loiros e ollos gacios, alumeados pol-o nimbei-  
ro do Espírito!

Sí; a saudade da Miña terra é a saudade do Ronsel.  
Ela ten a-y-alma viajeira, como a das anduriñas, y-esliga  
co'a sede dos camiños ignotos. O Ronsel é o seu camiño  
de gloria e o seu «via crucis». O Ronsel é o seu camiño  
na Eternidade, porqu'o Ronsel morre tan ajiña vive. ¡E a  
Saudade é o Ronsel das naos cantareiras da-y-alma, cei-  
bes pol-o mar da Lembranza, á bogaren co'as velas  
afoutas...!

---

---



## Un pobo de pescantís

O mar fai ali un relanzo. Nos días de trebón os cachóns do mar non chegan hasta o peirao. As salgadas augas da ría, bicando as pedras e as lajes, vánnas esmoendó pouco á pouco.

Casiñas probes e homildosas, co'as solainas verdes, azúes, amarelas, rajadas de todal-as cores; as trandeiras nos balcós, cheas de roupas á o soleo, fan d'iste pobío, ollado dendeis do mar, un arco-da-vella d'un milleiro de cores estranas. Y-entr'o lusco e fusco, cando o Sol fachea nas vidreiras das casas, alámpanse todal-as solainas, e a rojura do mar e a rojura dos vidrios fan d'iste pobo de pescantís un rubín escintilante, aceso com'unha labarada. Pouco á pouco traspoléiranse as cores das augas mainas, as nubens tingense c'os rubiás de rradeiros e o noso pobo de pescantís, mergullado nos negroles da noite, durme c'un sono tranquio, n'agardanza d'un novo arrayar do Sol e do trafego de decotio.

Vida tranquía a d'iste pobo, agás cando o turdio furacán, cinindo na outa-mar, caluca ás gentes.

Entón as mulleres, trépedas co'a delor, corren cara á o peirao, e avisan as augas mouras e ferventes, temendo unha segueira. Saen as dornas, bolinando; as faúcas; todol-os botes do pobo. Choran as mulleres e rezan as vellas. A campá da parroquia, atopada un dia na praia, c'unha voz tumbal qu'arripía, berra na soeade da noite e da escuridade e somella o seu berro o pranto da escuridade e da noite. ¡E qué ledicia, cando

entr'as brétemas das chuvieiras óucense as voces coñecidas e amigas, aló no mar, salvas da trebonada! ¡E que prantos amargurados, cando pasando as horas vénntase a desgracia inquedante!

Fora d'iso o pobo é un pobo tranquio. Craro é que d'unha tranquilidade non moiota compreta, pois hai de cote unhas liortas, ben paveras por certo.

Porqu'as gentes d'iste pobo dividense en duas castes, mais arredadas qu'as da India. Unha caste: a caste *aristocrática* e nobre, a caste reialmente recha e baril é a caste dos *artesáns*. Os artesáns son todos obreiros, mais son obreiros de certo jeito, asegún iles mesmos dín. Son canteiros, ferreiros, algúin qu'outro remendón e todol-os carpinteiros do pobo, que veñen á seren tres ou catro. Iles son artistas e as suas angueiras pertecen á muy nobres traballois.

A caste inferior, a da gente baija, tamén é d'obreiros, mais é formada pol-es obreiros das frábicas de salguía. Obreiros que cheiran de cote á peixe e á sain, lijugados sempre entr'os repuallos e borbas. Ista caste inferior non vive arredada da outra, mais cada un é cada un e todo o mundo decátase, por poucas entendedeiras que teña, da difrenza qu'hai entr'un canteiro e o jornaleiro d'unha frábica.

O torreiro do faro, o escolante e mail-o médico teñen dubidado moioto do *aristocratismo* dos artesáns. Hoje atópanse ben convencidos. Porque teñen ido á os bailes dos artesáns e mais á os bailes dos da caste inferior. ¡E non hai comparanza! Os bailes dos obreiros das frábicas son bós, eso sí, ¿mais cando poideron ajuntaren tantos cadros pr'as parés e tantos quinqués pra emprifollaren o estrado do baile? Os artesáns, n'isto, non teñen competencia. Cando dan un baile arrepañan y-esfanican todo canto cadre hai no pobo. Á beira da «escala de la

vida» atópase «la caza del león». N'un recuncho amós-trase á admiración dos bailadeiros o «yo vendí a crédito y yo vendí al contado». Paisajes suizas, odaliscas bailando diante d'un sultán, judeus mercando peites e alajes, o porto de Constantinopla, uns esculcas do Polo Norte loitando c'un oso branco: todo canto pariron as litografias do mundo, ali está, pol-as parés, pregoando qu'os artesáns d'iste pobo son gente que sabe ben de desacougos estéticos. En troques os probiños dos jornaleiros das frábicas penduran sempre os mesmos cadros, herdados ja dendeis de fai longos anos: unha circasiana c'unha gargantela d'adoas bermellas; un rapaz crouqueló que pesca no río e que, ainda qu'está pelado, ten un zorongo ben arrupiadiño; unha mulata que tira dos seus trumíños á un mulato mais mouro qu'o betún, e unha paisaje tropical, ateigada de palmeiras, na qu'adivinase, á o longe, unha vila de casas brancas baijo un ceo azul cobalto.

Os artesáns, ademais, inzan o *salón* de quinqués. Hainos de todas crás: vellos, novos, c'os tubos aíumeados; de «gas» e d'acetileno; todos accesos, eschareando por teren as torcidas «a todo lujo». E os probes das frábicas de salguia soilo teñen un par de quinqués, de certa boa presenza, qu'ainda cumpren c'o oficio nas casas de dous dos socios de sua sociedade.

Engádase á isto o feito de qu'a música dos artesáns é jurdia, verdadeiramente chichirica. Un acordeón, un erarinete, unha guitarra e un bombardino. En troques os probes dos jornaleiros bailan nada mais que c'un acordeón, que por certo non ten mais que des chaves. ¿Cómo dubidare, pois, de que cada un é cada un e de qu'ainda non todos somos do mesmo jeito?

Pro ainda se non dijo todo. Arrechégate ben, leutor, que cho direi ben caladiño. ¡Os jornaleiros das frábicas

—¿sabes? —sonche hirejes! Viñeron fai moitos anos uns ingreses do demo, —¡cousa boa non-a foi— e vai e fijéronse protestantes todol-os obreiros das frábicas. Eles din que viven na creènza de Deus, mais iso é unha argallada do trasno. ¿Cómo van creeren en Deus senon creen no inferno? ¡Qué ll'o pergunten á o crego! ¡Non creen no inferno, nin no pulgatorio e son mesmamente com'os judeus que mataron á Noso Señoríño! Teñen unha capela protestante, preto do peirao, e o abade dí qu'aló hai meigas e que fanse tratos c'o Nemigo. Hai quen veu saire, pol-as tellas, nos sábados á noite, muchicas que cheiraban á xofre, e quen ouviu layos tristeiros na casa do «pastor» ingrés, qu'é un hireje, pois fala como o demo e nin-o demo ó entende.

Os probes dos jornaleiros das frábicas de salguía, en troques, din qu'os artesáns son uns *atrasados* cheos d'*oscurantismo* e que desprezan o verdadeiro porgueso das *democracias*. ¡Dinno por laticaren! ¡Chamaren *oscurantistas* á quenes, cando dan un baile no «salón», poñen mais de vinte quinqués! Son uns disgraciados, que pensan nos piospardos e que déijanse levaren pol-as verbas de calquera lampantín.

Mais toda ista gente, os artesáns e os jornaleiros, os *cristianos*, e mail-os *hirejes*, son boa gente, abofé. Agás no tempo dos bailes, aló pol-o inverno, os cristianos e os hirejes lévanse moito ben. As mulleres d'uns e d'outros ajúdanse no gavejo dos fogares. Unhas e outras desentrelan as redes entreladas, encaban as brincas nas liñas dos maridos, fan as piolas pr'as sedenlas, limpan os tramillos que veñen do mar. Porqu'iso sí, hai artesáns e obreiros das frábicas, pro uns e outros son todos pescantís e mariñeiros, e cando hai peixe o peixe ajúgaos no trafego da pesca. O peixe trasviraos á todos, co'a espranza dos cartos, e cando os cartos chegan á

moreas, todos, hirejes e cristianos, van jugaren á o cusco na vila, onde fican sen cartos e co'as bulsas valeiras.

E cando morre un hireje o hireje confesa e leva o viático, pónenlle as crismeiras y-entóñase no Campo-santo, pois os homes non son bestas e non van iren á cova feita n'unha leira.

Son pescantís e mariñeiros todos. E todos, tamén, son labradores. As redes e os raños andan revoltos pol-as casas. E ó mesmo pónenlle chumbos ás redes, ou saen á pesca pol-as mañás, que cavan nas rozas ou sachan nas patacas.

N'outra cousa, ademáis, trapean os cristianos e mal-os hirejes. N'estaren d'acordo en qu'o San Cristobo, padroeiro do pobo, é un santo de moito mimo. Os protestantes són tan devotiños do San Cristobo como o mais fero *cristiano*. E cando as festas do santo chegan, todos, os uns e os outros, festejan á o santiño c'o millor da casa, que botan aquiles días pol-a janela. As rapazas, qu'a decotio andan estaleigadas, nos días do San Cristobo pónense os melhores trajes, cheos de prefiles, crenchan os cabelos, e algunha hai—¡meigas fora!—que viste á o jeito da vila e arrecende á pachuli que mesmo gorenta.

O San Cristobo debe tere trato co'a Zucreira Hespaniola, pois nos días da sua festa os pescantís jantan todo con zucré. E óllase, poño por caso, un guisote de congro, con prebe chea de pimenta... ¡e zucré! Ou unha tortela de chourizos que sabe á mel. Todo, n'aquiles días, é doce. O pan é ja obrigado que teña zucré á montós y-é a millor lambetada pr'os cativos, afeitos ó pan de millo. E pase que teñan zucré ¡as sardiñas asadas!, mais o pavero do caso é que tamén bótanlle zucré ¡á o chicolote! Hastr'as rapazas, por mor do San Cristo-

bo, que teñen de cote un genio zoño, falan nos días das festas falas doces, e as suas facianas son meluriñas, e os ollos relampados deitan bágoas de tenrura, cand'oucen falas amorosas, e hai quen di, pois probóunas bícandoas, qu'aquilas bágoas saben á resoli e teñen almidre. O que si sei decirvos é qu'os labres de moitas d'elas—¡ainda relámbole de gusto!—teñen aquiles días, de volta dos foliós, namentras a lua rí no ceo, un zelme docísimo que se non esquece endejamais. ¡Beizos d'aquila moura d'ollos fiteiros e bicos da roiba d'ollos gacios! ¡Saudade d'aquelas noites inesquecentes!

E á o falare d'istas rapazas lémbrome das mozas todas dos nosos pobos galegos. Todas elas naceron pra riren. Rinse ledamente, falan surrindo, fanles gracia total-as cousas e rinse por calquer cousa. E tamén naceron pra bailaren. No tempo dos romajes as rapazas dos nosos pobos van en riola, con brúas brancas de mursulina, á os soutos mestos, ás abas dos ríos, á os curutos dos montes ou ás ribeiras do mar, porque nas ribeiras, nos soutos, nas abas dos ríos e nos curutos dos montes hai romajes. E c'o gallo dos romajes as nosas mozas rín e bailan.

Bailan como descosidas as nosas rapazas. Despétanse, pónense bermellas, alampanselle os ollos, de tanto bailaren. Choutan como toliñas; rín, voltan á bailaren, andan de riola, ollan pra os rapaces. Viven. Viven estas ledas mozas dos nosos pobos.

¡Ouh o engado de sere noivo d'unha d'istas rapazas! ¿Qué saben os señoritos ó que val unha d'istas nosas mozas? ¡Sere noivo d'unha rapaza d'istas, qu'arrecende á saúde, que rí con toda a-y-alma, que di case todo ó que pensa e pensa case todo ó que di!

O jurdio engado de sere noivo d'istas rapazas atópase na volta das festas, cabo d'elas. Veñen cansas,

rojas como cireijas. O sol-pôr inzalles a-y-alma de vagaigeiras malenconias. Por riba dos montes adiviñase o escintileo da lua. Cara ó poniente hai unhas labaradas n'hourizonte. O algueireo das mozas vaise esvaíndo, asegún a noite chega. O estrondo da canturia das arráns, á o longe, ¡qué saudades trai á os curazóns! Diselles, á istas mozas, cousas ledas, falas un pouco turbas. Unha mao, suorenta, canja co'a vosa mao. E a rapaza rí, chea de ventura, e treme a sua mao. Aquela mao é donda, como a seda. Aquela mao é agarimosa. E a rapaza, sin sabere por qué, ten azos de chorare, pergúntavos si querédelas moito, rí pra que vos non decatededes da sua trubación.

Hai que pasare a praia, c'os pés dispidos, por qu'abalou o mar. E as mozas, coscoleando co'a friaje, céibanse da melanconía do noitecer. Cantan cantigas churrusqueiras. Rinse e berran, algueireiras. Incirravos á que corrades tras d'elas. Mais aló hai que pasal-o río, cando ja a lua alomea no ceo.

¡É cándo sabedes todo o engado que gardan istas nosas rapazas! O balbordo das augas fai ainda mais grande o silenzo. Y-entón a moza dicevos c'os ollos, co'as maos nas vosas maos, sin dar unha fala, todal-as cousas que boligan na sua-y-alma. ¡Qué decire diante d'iste silenzo d'elas, mais falangueiro que todal-as falas! Sentidesvos coutados pol-a moza, cheos de tenrura, sabidos de que no mundo non hai muller como aquela muller, e de que non hai agarimo como o que sentides n'aqueles doces instantes.

¡Noivas de pobo! As da noite de San Joan, que choutan as fogueiras e sinten o misterio da primaveira nos seus curazoncíños. As do dia da Virge. As que póñense abru-las e milicroques nas brusas emprifolladas. As da Noiteboa, que van cantando a panjoliña, namentras amán-

danás os mozos. As da Noite de Reis, troveiras do Neno Jesús. As que, esquencido o voso amor, voltan a riren e á bailaren, pra sentirense de novo namoradas n'outra noite de volta d'un romaje...! Eu tiven unha noiva de pobo. E lémbrome d'aqueles bailes nos romajes, cando ela riase; e da volta das festas, cando agarrimábame co'a música da sua voz trépeda... ¿Voz de cristal ou de prata aquela voz feiticeira?

E perdóname leitor, que abalado pol-o engado d'istás lembranzas da mocedad primeira, dejara esquençido á o noso pobo de pescantís.

N'outra cousa están d'acordo as duas castes do noso pobo: en non fagueren as eleuziós. Pra iso está Don Bieito, o segredario do Auntamento. Fai vintasete anos que no Concello haiche os mesmos cás c'os mesmos colares. O alcalde leva, tamén, vintasete anos de mando e ten unha fampa que non hai quen poida c'o il. Os pedáneos son tamén os mesmos desque Don Bieito pillou a segredaria. Iso do sufragio universal non versa c'os homes do noso pobo mariñeiro. Dendes de fai vintasete anos é deputado o mesmo deputado. Chámase Péres y-é un home que val canto pesa e ainda mais. Hai, no noso pobo, Rua de Péres, Fonte de Péres, Alameda de Péres. A rua, a fonte e todo o demais fijose c'os cartos do Concello, mais como o Concello é de Péres velahi porque todo é do señor Péres. Ningún coñece á o señor Péres, agás o Don Bieito, que dí qu'o señor Péres é fillo do seu pai, outro Péres que foi deputado antes dos vintasete anos de que vimos falando. E o Don Bieito dí qu'agora o señor Péres vai sere *senador del Reino*, e que virá de deputado un genro do señor Péres. Iste genro terá fillos, que serán netos do Péres d'agora, e drento d'outros vintasete anos os netos do señor Péres serán deputados do noso pobo mariñeiro.. E ninguén

quéijase. ¡Pra qué? ¡A ninguén impórtalle ó que pasa pol-o Madrid! Cómo haja sardiña tanto lles da o señor Péres como outro calquera. E com'os deputados non poden traeren a sardiña cando a sardiña esbarda...

Pois ainda hai outra cousa na que jinzen as duas castes do pobo: n'estaren d'acordo en qu'os da parroquia de Pantón son menos que ninguén. E hastra hai un refrán que di: «C'os de Pantón nin trato nin conversación»,

¿Qué teñen os de Pantón? Ter non teñen nada. Pro son uns orgulosos, que pénsanse de caste lanzal e non hai quen entre na sua parroquia nin danlle unha fala á ninguén. As rapazas de Pantón son... ¡Cómo seren son do milloríño! Loiras, de cabelos brondos, da cor do millo. Os ollos mais azúes qu'o ceo, *asi Dios me salve*. Jilgaras, fermosas, c'o ban mais pequerrecho q'unha palla de trigo. ¡E teñen uns andares! Non sei como demo fan, pro caso é que cando andan somellan *un alabar á Dios*. Os mozos son todos ben prántados, rejos, loiros como as rapazas. Cómo elas, vánse randeando á o andare. ¡E teñen unha forza...! En Pantón non hai vellos nin vellas. Haber hainos, pro é como si non-os houbera. ¡Porque hai vello que val por dez rapaces e vella que mesmamente parce unha rapariga de vinte anos! Cando os vellos ja son mui vellos e póñense canorios, entón teñen os cabelos da cor da palla e non son brancos, com'os dos vellos do pobo.

Pantón é un lugar rayoso, e no tempo da farna afroan as leiras d'eles como ningunha do auntamento. Fica a parroquia n'un recuncho da badía, á beira d'un coñal, e nos dias cenzos se non poden dejergaren as casopiñas dendas do peirao do noso pobo.

Pois os de Pantón, como ja dijen, son moito orgullosos. D'aquela parroquia non hai unha soila rapaza que

casara c'un rapaz que non seña de ali. E os rapaces, que van todos á outra banda, cando voltan das Américas veñen solteiros e casan con rapaza de Pantón. Algún houbo que casou aló. Pois ise non voltou. E o que voltou con muller d'afora foi desbotado de todos e ninguén queria trato c'o il. Eisi pasan os anos, os centos de anos, e os de Pantón son sempre da mesma caste e non queren mistura con castes alleas. Os de Pantón deberon seren os qu'argallaron aquil refrán que di:

O que longe vai casare  
chata leva ou vai catare.

Das cousas do campo e das cousas do tempo ninguén hai que poida sabere tanto como iles saben. ¡Cantas veces os pescantís non quijeron ouviren á os de Pantón, que ventaban trebonada, con ceo craro, e non volveron mais do mar!

Craro é qu'aquelo de *nin trato nin conversación* pende mais dos da parroquia aquela que dos outros. Pro hai qu'amocalos. E ja qu'iles non dan fala á ninguén o millor é decir que se non debe falare c'o- iles. D'iste jeito ninguén sabe si son eles os que non queren falaren ou si son os demais os que néganllas as falas. E iso que, como son tan sabidos, hai que falarllas moitas veces. Eles coñecen a herba da moeda pr'as mulleres, a herba do demo pra pelresia, a herba giganta pra os carafunchos e pánxumas, a herba concheira pra o mal cativo, a rateira pr'as virolas, a da solda pras feridas, a herba piollenta pras pedras dos réns. E cando o médico do pobo perde as èspranzas por algún malado, os de Pantón fanlle romedios e menciñas d'herbas que sandan á un morto, abofé. Eles erguen a paletilla e mail-o calleiro, poñen dreitos os cerrizos tortos e os nenos penzoz, tiran do bugallo do ollo canto lijo haja e teñen un gando qu'é unha fermosura velo.

¡Si foran d'outro jeito! ¡E si as rapazas foran mais namoriqueiras...!

Pois todo isto, tres jugadores da brisca que non hai quen lles gane, e unha image do San Cristobo, toda de pedra, a millor do mundo, é o mais jurdio d'iste pobo de pescantís onde pasou a historia que cóntase n'ista noveliña.

## Ela

Pois n'ista parroquia de Pantón vivia Beta: unha rapaza leda com'unha alborada. Os cabelos crechos e dourados, os ollos da cor do verde mar, garrida e jeitosa, mais forte qu'o buxo e mais bermella q'unha mazá, Beta era filla d'un ferreiro, home ja antergo, que levaba todo o dia na forja, traballando á reo pr'a aquela filliña qu'era a vida da sua vida. Beta ficara orfa de mui pequerrecha, cando ainda non tiña tres anos. E dend'entón pasara os dias e os anos á beira do seu pai, de cote na ferreiría, á carón da zafra, ouvindo o renjer do fol da forja e fitando, con ollos trevos, as charetas que rubian do lume. O pai era un home marjado, con moitas angurras, un pouco trainazán, sempre cheo de feluje. Beta criárase espicil, mais como era o único refuxoiro do seu pai, iste, margurado pol-a lembranza da morta querida, roubando tempo á o repouso, coidara á filla como si fora unha nai e deulle tan bó precuro que Beta afroou pouquiño á pouco e fijose unha froxina, a mais fermosa do xardín de Pantón, onde tantas froles había. Parcia feita c'un cicel, tan jeitosa e tan galana. Branca como a neve, si entrábades na ferreiría do pai e a forja estaba acesa, qu'haloumiño pr'os

ollos adiviñala entr'a rojura das labaradas e a negrura das parés! Era mais branca ainda drento da cafúa do ferreiro. E as labaradas da forja arrincábanlle lampos d'ouro á os seus cabelos brandidos. Cando iña á reme-jere na borralla, as suas maus, ¡tan feitucas! somella-ban folerpas da neve á guindárese no mouro chan da invernia.

Pois ainda era mais branca por drento. Quero decir qu'a sua-y-alma tiña todol-os agarimos da mais tenra bondade, todal-as molecencias dos mais injeles sente-mentos. ¡Qué femencias puña no agarimo á o seu pai! Y-era leda com'unha labercá e riase á gargalladas todo o santo dia e non habia delor qu'ela non sandase nin menciña como a caloríña das suas maos. Cando atopába-dela na couceira da porta somellaba un mármore no fondo mouro da ferreiria. E cando atopábadela nos dias de delor ela era o consolo mais mol pr'as vosas mágoas tristeiras. O seu genio jangal era un engado pra todos cantos coñeciana. Era a sua oura faguere ben á quén sofria, consolare á o triste e darlle auga d'agarimo á quén esligaba co'a sede de fortes degaramentos. Deita-ban da sua gorja verbas qu'acitábanvos no más fondo do curazón c'o seu doce agasallo.

Beta curiara o oficio do pai, mais o pai non queria qu'a sua filla fose ferreira. Pro ela decatábase da gran-dia d'aquel oficio e ventaba qu'os homes foron mais sabi-dos e mais homes cando adeprenderon á forjal-o ferro. ¡Aquel ferro, tan forte, que luiase co'a lima e amolecia-se c'o fogo! Que lle non dijeran, pro pra ela aquel ferro rojente, coutado c'o martelo na zafra, era unha cousa latejante e viva. ¿Non serian bágoas as muchicas rojas e acesas que chontaban á cada martelazo? ¡Qu'o ferro, tan forte, esnaquizarase com'un moamio era cousa de milagre! Y-ela fitaba pra o ferro e pras cousas de ferro

feitas pol-o pai, con certa ádemiración respeitosa. Non sabia Beta aquel conto de Hoffmann, no q'un joyeiro mata á os mercadeiros das suas obras d'arte pra llas roubare. Mais ela sentía, sin se decatare, qu'aquel labor do seu pai c'o ferro era cousa baril e que, ainda achinándose o pai, non estaba ben pago o seu jurdio traballo.

Y-eisi vivia, co'a orgolleza da sua fermosura e ben leda pol-a aboenza ferreira que de seu pai viñéralle.

## É1

Ja é ben sabido que onde hai unha *ela* ten d'habere un *él*. Y-él non era de Pantón. Era mariñeiro. Mariñeiro e pescantín. Nin estaba c'os artesáns nin c'os jornaleiros das frábicas de salguia. Él era él e nada mais. Dendes de cativo vivía no mar e pra él non había outra cousa qu'o mar. Sempre sentira a saudade das longedades da outra banda. Y-era o seu sono o de que chegara un dia no que poidera fugire pras terras lonjanas, qu'adiviñaba fermosas e feiticeiras, d'un ar tépido qu'agarimaría o curazón.

Era forte e ben prantado. Unha ves, no baile dos artesáns, rifara c'uns rapaces, mais vellos qu'il. Eran sete. E o noso héroe loitou contra d'eles e de cada labazada chimpaba á un fora da loita. Soio os domingos dejaba a sua afeizón á o mar. Os domingos íña c'o crego, moito amigo d'il, e poñianll'os dous, garamelos e visgo á os pajaros. ¡Qué ledicia pra Lois, pois eisi chámabase o rapaz, cand'ouvía o chauchare dos gorriós e o chichio das cotovías! Él e o crego levaban duas gaolas e tragiannas ateigadas d'estorniños, de melros, de toda crás de pajaros. Lois metiaos na casa e ceibá-

baos dempois, abríndolles unha bufarda. Él quedábase estantio, ollando com'os pajaros voaban, e riase á gallada limpa, amostrando a sua dentamia tan feitosa, cando o crego rifáballe por ceibal-os pajaros. O crego se non decataba de por qué o Lois, dempois de pasado o traballo de collél-os pajaros, ceibábaos á todos. E o Lois se non decataba de pra qué o crego choia á os pajaríños no cárcere das gaiolas, cando tanta lindeza tiñan ceibes pol-os agros.

Ás veces pillábaos a chuvia no campo e chegaban á casa mollados como pitos. Outras metíanse nas casas qu'atopaban á mao e agardaban á que delampara pra voltaren á o pobo. Outras tiñan que desenzarrapitárense, tan ajiña chegaban á casa, por mor da molladura.

Ja dijemos á o comenzo qu'onde hai unha *ela* ten d'habere un *él*. Pois o Lois coñeceu á Beta un serán no que chovera á Deus dar auga. O Lois fora soilo aquel dia á collere pajaros. Pescouno a chuvia preto de Pantón y-entrou na ferreiría, pidindo que dejáirano quençérese á o lume da forja. ¡Cando veu á Beta, tan charamandusca e tan lisgaira, ficou mesmamente com'un parviño! ¡Qué rapaza, mama frade! ¡Que ollos e que cabelos! Beta desemperequitara aquél dia as trenzas e somellaba unha visión do ceo.

*O milagre do encontro*, de que nos ten falado Coimbra, deuse entr'o Lois e Beta. Ficaron os dous sen saberre daren unha fala. Ela sentia no seu curazón uns desacougos inespricabres, admirada diante da lanzalia d'aquele rapaz. Él decatouse de que ja tería de sere toda a vida un prisioneiro d'aquela muller. E os dous, ollándose estantios, degarantes, debezendo co'a sede do amor que vifialles de sípeto, os curazóns germolantes de novas e ledas cousas, ajejábansé surrientes, como saúdándose dempois d'un curto arredamento.

—Rapaza, ¿cómo te chamas?—

—Eu, Beta. ¿E ti?—

—Eu, Lois.—

E non souperon falaren outra fala mais. «Ela chámase Beta»—decia él, cando retornou á sua casa. «El chámase Lois»—decia ela, cando meteuse no leito.

## Ensono

Pasábanselles as horas mortiñas, c'os ollos alumeados. Na roseira da suas almas abrochaban milleiros de rosas arrecendentes. E unhas rosas—as braneas—eran as falas mainas e tranquilas, as falas agarimosas e afagadoras. E outras rosas—as rojas—eran as verbas de pasión acesa y-enmeigadora. E outras rosas eran rosas místicas, tristeiras: porque todo amor é triste e tén, en si, a saudade das lonjanías infinitas, coñecidas denantes da vida.

Aterecían cando atopábanse arredados. Afroaban, com'as herbíñas homildosas dos campos na primaveira, cand'ollábanse á carón un d'outro. E latricaban d'un milleiro de cousas, os ollos nos ollos, as maos nas maos, os beizos nos beizos, a-y-alma na-y-alma.

—¿Quererásme sempre?—decia él.

—¡Sempre!—surriá ela.

—¿Sempre?—

—Ja pra toda a miña vida. Que tú és pra míñ a pingota d'orvallo qu'escintilea na rosa sedenta. As tuas falas son como chorimas amarelas na irta tojeira da miña vida. Quentura e regalo do meu curazón. Recéndor subtil. A verba que veu do lonxe, do endejamais sabido nin coñecido, como fala de Deus. E sei qu'ato-

peite no antano e sei que tú fuches vento fungador cando eu era arume dos pinos, e que tú eras sol á facheares cando eu era noite ben escura, e auga dos ceos cando fun faisca guindada no piñeiral, á bicáresme solermiñamentos. E sentín ja os teus leros denantes qu'eu nacera. E bebin nos teus beizos denantes de bicalos, ¡ja morta da sua sede sen t'eu coñecere!—

—¡Miña ja pra sempre arca pechada! Porqu'eu ben sei como tú és sempre nova pra min, como tú ja serás sempre nova pra míñ en toda a miña vida. Achegareime a tí e tú dejarásme sempre con mais amor, cando me vaia. Eu non saberei endejamais todo o teu segredo. Porque tú és, pra min, un eterno segredo e serálo de cote. Adiviñote, mais non esbigoo nin esbigoarei todo o que tú tés en tí. Porque eu ben sei qu'aínda qu'eu quijera esbigoalo non chegaria á sabelo: meu eterno segredo. ¡Miña ja pra sempre arca pechada!—

Y-eisi pasaban as horas e os días. Namentras, eles se non decataban das genreiras que germolaran á o seu arredor. As rapazas de Pantón rejoubaban d'iles todo o santo día. ¡Unha rapaza de Pantón namoricada d'un rapaz de fora da parroquia! E as vellas e os vellos, e os homes e as mulleres, todos latricaban e latricaban contra d'iles, por mor d'aqueles amores que lles non collian na testa.

Hastrá q'un dia o pai de Loís, c'os cartos que mandoule outro fillo que tiña na América, dispuso que'o rapaz partira pra o Alén-mar. E Loís, co'a morte na y-alma, marchou cara ó descoñecido.

¡Cómo saloucaba Beta a mañá da despedida! ¡Qué despero o seu! ¡E que moura a ferreiría aquela mañá, e que abroujadores os martelazos do seu pai na zafra! ¡E que mouro todo, todo...! ¡E que moura a sua vida, sin él, ja pra sempre á morrere da saudade dos seus beizos!

## Lua nas areias

«Espello da terra y-espello do ceo»... Mais, ¿por qué non, asimade, espello do Alén-mar? Tú mar, és o Arredamento, o Arredamento das almas. Tú, mar, és o luidor dos ronseles. ¡Qué alteza a tua! ¿Por qué non deijas un carreiriño, un só carreiriño, pra sabere cal foi o seu vieiro? ¡Un só carreiriño!

.....  
¿Foi por ali? ¡Por entr'aquelhas ardentias? ¿Car'á os penedos lonjanos? ¿Car'á min, por onde acóchase a lua?

.....  
A lua nas areias fainas brancas como a neve. Lua que brilas nas areias ¡tú fas carreiro no mar! Tu deitas lampós de prata en col do mar, e a prata da tua lus é o ronsel do teu camiño, no alén do espazo. Tú és unha nao cósmica, á bogare pol-o mar dos mundos, mergullada no éter, pro que deijas o teu carreiro de prata lumiosa no mar salgado da Terra.

.....  
Mais, ¿por qué non deijas carreiro nas areias? Porque támén és saudosa e tú ben sabes qu'o camiño á coñecérese non é camiño pras almas. As almas son naos cósmicas do Cosmos-Espírito, que non deijan asiñalados os seus ronseles, pra qu'as outras almas anden na precura dos camiños ja seguidos.

.....  
Areias mergulladas no braneor acceso do luar... Prata escintilante e bolideira... Pinos á contra-lua, mouros como acibéches... A cantiga rojente e maina da nóitiña de luar...

.....  
Todo iso é ó que vemos. ¿E os degaramentos dos da outra banda? ¿E os nosos salayos? ¿E os desejos de

desfacere iste triste Valado líquido, qu'arrédanos á os uns dos outros?

¿É que todo iso se non olla. ¡Si! Mais pra eso soio ten ollos a Saudade!

Lua nas areias... ¡Cómo alomeas as fochansas que dejaron n'elas os camiñantes! ¿Por que os camiñantes no mar non deijan tamén as suas fochansas, labradas nas augas? ¿Por qué tú, Lua, alomeas as ondas árdigas e fás ronsel no ermo do mar? «A saudade do mar é a saudade do Ronsel». ¿E a saudade do Ronsel será a saudade do Arredamento?

Lua nas areias, á beira dos oceanos: ¡valados dos pobos e das almas arredadas! ¡Oceanos que sode-l-as esporas das almas! Que sin o Arredamento, sin os tristes valados do Cosmos-Espírito, morrerian todal-as cobizas e todol-os degaramentos.

N'ise mar do éter, tú, Lua, nao cósmica, ben sabes qu'hai oceanos, tamén. E que os planetas teñen saude de dos soles e os soles dos planetas, porqu'atópanse arredados.

E tú sabes, lua nas areias, que tamén hai areias no Cosmos-Infinito. Areias nas que fican labradas todal-as tripaduras dos que pasaron por elas algúin día.

Lua nas areias, escoita: A-y-alma é como o Mar. N'ela perdense todol-os ronseles das suas naos. Mais á beira do mar da-y-alma atópanse as Areias—Praia da lembranza—onde todo camiñante deija asiñalado a sua focha. A focha chámase Saudade.

¡Qué altiveza a tua, mar! ¿Por qué non dejás un carreiriño, un só carreiriño, pra sabere cal foi o seu vieiro? ¡Un só carreiriño, mar!

Toldouse o ceo de lembranzas de Beta. Por moitas voltas que dalle á os seus recordos ela non pode lembrare como era o Loís, y-esqueceu a sua figura. ¡Mais ela ten no seu curazón a saudade do seu amor! E todal-as noites de luar vai Beta ás areias, e rubida á un cón ben outo ajeja a largazía das augas. Entón a saudade do recordo tráelle, agirgilante e viva, a figura do ben amado! Non é aquela figura a sua propia, pro o Loís pantásteco e saudoso ¡que bonitura non tén, moito mais linda qu'a do Loís corpóreo e coñecido! Y-entón Beta, con falas non ditas, mais sí sentidas, dille á lua todas istas cousas amorosiñas e saudosas que dijemos á o comén. Y-ela, trépeda d'amor e de misterio, sabe mais de poesia que todol-os poetas juntos e canta cantigas enmeigadoras como nengún poeta as cantara.

## Nadal

Nena, encende catro pallas  
e corramos á Belén,  
cantarill'o rou rou á o neno,  
e fagamos durma ben.

Á rou rou, rou rou, meu neno,  
á rou rou, rou rou, meu amor;  
durme ben, meu queridiño,  
que che canto o rou rou,  
rou rou, rou rou, rou rou rou.

Cando chegou o Nadal e as raparigas cantaban os cantos de saúdo á o Neno, Beta tamén tivo un neno: branquiño como a escuma das ardentias. Era toda a

cariña da nai, loiro e de ollos azúes. Soupo Lois a noticia na América e non quijo sabere mais. E namentres il facia o seu viaje, c'o curazón ateigado de ledos desacougos, Beta, tola d'amor pol-o fillo que botara á o mundo, aburada pol-a frebe, perdera todal-as lembranzas e non vivia con outro pensamento que non fora o d'aquel pequenijo, que déralle Deus pra ledicia da sua y-alma.

Nena, encende catro pallas  
e corramos á Belén....

O pai de Beta ollaba pra o cativo con certa genreira. Parcialle un alleo, que de súpeto entrárase pol-a casa adiante sen licencia de ningúén. Mais o vello se non decataba que no seu curazón ardian, tamén, novas arelas. E cando traballaba na ferreiría, o vello, caladiñamente, con voz agarimosa, soía cantare cantigas de berce:

Ooora miniño, ooora miniño,  
que ja están as papas  
no caceroliño.

E pol-as noites, namentres durmían Beta e mail-o pequeno, o vello achegábase á o pé do berce e falaba caladiñamente c'o cativo:—Meu jeitosiño; meu pequeurrecho... Tí tes de seres pra min a fontela milagreira da miña vida. N-ela beberei eu a cotio a energía pras miñas forzas cansas. Meu jeitosiño; meu pequerrecho...—

E lembrábase entón o vello de toda a sua vida, dende que perdera á sua muller. E decatábase entón de que sempre fora nai, de qu'ainda sendo home toda a sua vida fora como a d'unha mulleriña. ¡Nai de Beta e nai d'aquele pequeno que lle viñera pol-as portas! Vida

de naiciña toda a sua vida, feita pr'acalentare á os demais. Y-entón o vello, escoitando os cantos de Nadal qu'ouvianse á o longe, pol-os rueiros, lembrábase dos Reis Magos e do Portal de Belén e da Estrela enfeitizada e feiticeira que guiou á reis e pastores... ¡Un nadalicio era cousa de Deus e cousa d'adouración! Bicaba entón á o pequeno e o pequeno rompia á chorare y espertaba Beta e cantaban o pai e mail-a filla e, ouvin-dos, se non poderia decir que n'ha mais agarimos no canto e mais tenrura nas falas.....

— Beta — decia o vello.

— Diga, meu pai. Ja sei qu'está magoado conmigo. Vostede coida qu'eu son unha choya e por iso me non dí unha fala.—

— Bobadas tuas, neniña —

— Non; non-as son, non-as son. Pois eu non fixen mal a ninguén. Boeno. Escomasi alégrome, porqu'eu ja sei que son merecente de todo. ¡De todo o malo! ¡Son a vergonza da casa! Eu non sei si o Lois esqueceríame. E si m'esqueceu, vostede soio, meu velliño, é quen me quer de verdade.—

— Ja sabes qu'iso n'é certo, que podes agardares ben tranquía pol-o Lois. Todos quérente moito. Mais iso non quita pra qu'eu estea toliño por ti. Eu ja non sei si será porqu'os velllos somos coma nenos. O conto é, miña penliña, que soio vejo pol-os teus ollos, que rio cando ti ris, qu'è a ledicia mais grande da miña vida.—

— Miren c'meu velliño... e como sabe engaiolare. Eres un mintireiro...—

E bicábanse o pai e mail-a filla. E pouco dempois dormía de novo Beta; e o vello, c'os ollos cheos de bágoas, falaba c'o pequeno:— Meu jeitosiño; meu pequeño...—

Fora cahía a neve en folerpas miudiñas. Todo bran-

co: tellas, montes, árbores, agras e chanzadas. O ceo cheo de mourenzas. O curisco cinindo no arume dos piñeiraes. E o vello, marteleando na zafra, adiviñaba com'a Nosa Señora, ajejando a brancura da neve e as mourenzas do ceo, cantáralle á o Neno Jesús, aló en Belén:

Meu jeitosiño,  
meu pequerrecho...

## **Na costa verdecente...**

Chegou o Lois, desacougado, ledo, morto, sen saberre ó que sentia. E cando tivo á o neno nos seus brazos e sinteuno chorare e veulle abril-os ollos, Lois ficou como cego pol-o deslumeamento. Beta, ainda no leito, surria fitando pra os dous. E Lois bicaba as maos de Beta, e achuchaba no pequeno, e riase com'un toliño, e choutaba pól-o ban, namentras o vello riase á gargailladas das tolerias do rapáz.

Pasaba Lois todo o santo dia á carón do leito de Beta. E contáballe as suas delores, os sofrimentos que pasara arredado d'ela, perguntándolle á Beta ó que fixera en todos aqueles tempos. Lois decíalle como cando él dejaba o traballo, aló n'América, iñase pra a casa e ali «falaba» c'o ela, lembrándoa como á unha santiña. Ela contáballe todo ó que dicía «o raio transparente do prácido luar», as noites que pasara na praia lembrándose d'il, morta de saudade, falando co'as escumas e co'os penedos, co'a lua no couce e co'as brancas areias. E cando Ilo contaba decatábase Beta de qu'aquel Lois que tiña diante d'ela non era com'o Lois evocado nas noites de luar; como o Lois que'estivera fora parcialle á ela non sere o qu'ollaba n'aquelas horas d'ogano. E

pechaba os ollos, e sentía na mais fonda fondura íntima do seu curazón as voces saudosas e lonjanas das evocacións feitas na praia, cando o Lois desejado e *sentido* aparcíase aboiendo nas augas do mar da lembranza: mais triste pra ela, pro tamén mais nido: c'unha tristeza tan aloumiñadora qu'ista ledicia do Lois *ollado*, diante d'ela, He non parcia á Beta tan agarimoseira.

O vello ferreiro pensou en que casaran os dous rapaces. E vendeu os trebellos e a forja pra mercare unha traíñeira pra o Lois. Diste jeito o Lois sería patrón e sairia á pesca e poderia facere fronte á vida, sen tere que voltare pra América. E na costa verdecente, Lois falou con mariñeiros e amigos, contratounos ben e saiu á o mar todol-os días, namentras a Beta iña criando á o pequeno, mais fermoso cada día e mais querido cada dia do vello e dos dous rapaces.

Casaron Lois e Beta, cando ista saiu da doença qu'a tivera no leito. E foi a paz no seu fogar e o amor no seus curazóns.

## SAUDADE

Voltaba Lois da pesca, asobiando ledo, co'as maos nos petos. Aquel dia troujera a traíñeira ateigada de sardiña. Ja todos decían na parroquia de Pantón que ninguén tiña a sorte do Lois. Moitos días saian todal as traíñeiras do noso pobo de pescantis á o mar e voltaban sen peixe, agás a do Lois, qu'iña achinándose pouco á pouco. Preto da sua casa Lois veu como chegaba cara á il o seu sogro, acorando, correndo com'un tolo, sen podere dare unha soia fala.

—¡Beta, Beta....!

—¿Qué foi, meu sogro?—

—¡Beta, Beta....!—E dépois de recollere todolos folgos:—¡Beta marchou da casa!—

—¿Qué marchou da casa? ¿A miña Beta?—

E Lois, aparvado, ollando pra o seu sogro, perguntabase si o vello tolearía.

—Diga, meu sogro; fale pol-a sua nai.—

—Non che sei, Lois. Pol-a mañanciña cedo, dépois de tí saires pra o mar, marchou ela c'o pequeno. ¡Ja son as des da noite e non voltou?—

—¿E non dijo pra onde íña?—

—¡Non dijo nada, Lois!—

Lois ficou como morto. Volveu á ollare fite á fite pra o seu sogro, e veu na faciana d'il toda a delor da meirande tristura. Arrestregou os ollos, de duas zancadas chegou á casa, chamou con berros abroujadores á Beta por todo o sobrado, volveu á saire e correndo com'un tolo, berrando sempre por Beta, petou nas casas d'algús mariñeiros, chamándoos á voces. Os mariñeiros que ja chegaran saian correndo tras d'il e chamábase á novas portas, e outros mariñeiros seguían a riola e todos corrian tras do Lois, berrando como il, chamando todos por Beta á grandes berros, namentras a lua, toda alampada e surriente, dejaba deitare no mar cadoiros de prata ácesa e lumiosa. Non houbo congostra na que se non detiveran nin chanzada que non registraran. A riola d'homes corria pol-as chás e ajiña ollábase nos mais outos cumios. Desparecia tras d'un souto e volta ba á ollárese, mais longe, por riba dos irtos penedos da costa. E sempre o mesmo berro;—¡Beta, Betaaaa!— E canto mais tempo pasaba, mais corrian todos e mais berraban e mais ouciase a chamada amargurada; choutando nos montes e chorando nas valgadas.

Y-eisi, sempre correndo e berrando sempre o mesmo berro, acorando todos, cansos e mortos, chegaron á

praia. Entoñábanselle os pés nas areias e os homes non podian c' o aquela corredura.—¡Beta, Betaaaa..!— Era o balbordo do mar o único que respondia á chama da. Eran a luz da lua e o silenzo da noite os qu'henchían o ar e a praia. E ja os homes non podian mais. Soio o Lois, ja arredado de todos, sen o mais cativo acoro, correndo cada vez mais, iña cara á os penedos lonjanos, cara á os cóns que choian a praia, afiuzado por un segredo presentimento. E agora corria sen berrare, cada vez con mais folgos, sen pensare n'outra cousa qu'en chegare ajiña.

.....  
Aló enriba, nos cóns mais outos, onde brua o mar á decotío, ollábase unha moura figura, á contra-lua, erguendo as maos á o ceo, e nas maos, com'un cales, o neno fillo do amor. Dáballe a lua na cara á o neno. E a prata lumiosa do luar nos seus cabelos loiros faguiáse ouro aceso.

—Beta, Betaaaa..!—

A figura, que bajara á o pequeno, volveu á soerguelo, e correndo, correndo, veu cara á praia, sempre c'o neno no outo.

—¡Beta! ¿Qué fleches, neninha?—

Beta non contestou. Correndo, correndo chegou á o pé de Lois, e apréijándosele contra o peito, rompeu á chorare.

—¿Qué facias, nena?—

—Aguardaba por ti—foi a resposta.

.....  
—Ja sempre agardarei por ti, ainda têndote á miña beira. E morro co'a saudade das saudades que tiven.—

.....  
E Lois dejou de sere pescantín pra faguérese labrador. A Terra-Mai foi pra il un tan grande amor como o

de Beta. As casopiñas, as árbores: toda a paisaje faláballe novas falas, tanto tempo pra él descoñecidas, e agora amigas do curazón.

Nos días d'invernia, cando o mar bruaba nos cóns da costa, Lois lembraba a sua vida mariñeira e un salai calado ficaba no mais fondo da sua-y-alma. Nas noites de lua arregoada, Beta tamén lembraba as noites lonjanas de luar nas arcias, e salaiaba quedamente lembrando os recordos das suas agardanzas n'aquiles tempos. O mar chamaba d'iste jeito por eles, e ouvian as suas voces eternas nos seráns malencónicos e nas noites caladas.

Mais a Terra era quen berraba con voces mais fortes. O filliño, o vello, o recordo da nai de Beta e a de Lois, tamén morta; a cantiga da campá da parroquia; as herbas arrecendentes e os castiñeiro tan agarujantes; o verde dos prados e a louzania dos nosos campos; as angueiras da anada, do muíño cantareiro, dos tempos da malla; o chichío dos pajaro, ¡tan inequescentes pra o Lois e tan queridos da Beta!; a mesma quentura e o mesmo friaje da Terra, no vrao e no inverno: todo, qu'era o pan de cada día e o regalo dos ollos todol-os días do ano, henchialles as almas d'un doce agarimo e d'unha tenrura endejamaís satisfeita.


E no medio de todas isas angueiras abrochaba a lembranza dos seus recordos mariñeiros. Mais ja istes recordos viñan peneirados á os seus curazóns, traguian un suario de brétema e unha rayola de Sol, un pouco d'arrecendo do pasado e un moito d'arela caladiña e mansa. Tan envolveitos n'aquela brétema subtil qu'os mesmos recordos eran todo brétema: unha morniña lembranza moi cativa, asomellándose á pequenas rafas d'un festín lonjano.

Cando no trafego do traballo de decotio deitábanse

á soma dos castiñeiros do souto, as suas ponlas eran com'un palio santo— ¡santidad do verde!—que faláballes sempre da Terra, da Terra de terra e de pelouros.

Y-eu dígovos que cando ollaban as ponlas das árbores, fillas da Terra, ollaban ben cristaiñamentos o misterio da saudade. ¡As árbores, abarbadas na Terra, tiñan as ponlas abarbadas no Ceo! E as árbores vivian da Terra-Mai, zuchando o seu zelme. ¡Mais tamén as ponlas zuchan o zelme da luz do Sol e da luz da Lua! E as ponlas son com'un curazón aberto á todal-as vozes do Alén, pois tamén as árbores percisan da doce malenconía e da ledicia aloumíñadora.

E dígovos en verdade, ademais, que como o Loís e a Beta, a Nosa Raza ten as raíces na Terra, mais as ponlas da sua-y-Alma ténnas abertas á os ventos mariñeiro, á se dormiren escoitando a cantiga do Mar, perto e lonjano.



Jaimé Llanilla

# Saturnino Montalbo

---

Images e oujetos d'eireja. Pianos e pianolas.  
Óptica. Prateiria, mostreiria e joyeria. Artigos  
fotográficos, de caza, de viaje y-sport.  
Thermos. Gramófonos e discos. Música e  
instrumentos musicaes. Coches pra nenos.

Rua Real, 117.- FERROL

---

## AUGAS de MONDARIZ

Bicarbonatado-sódicas

---

AS MAIS ALCALINAS DA HESPAÑA

---

Propietarios: Fillos de Peinador

---

## Vda. e fillos de Pedro Fernández

---

ARMARÉN DE MAQUINARIA E MATERIARES ELÉTRICOS

---

Encárgase de toda crás  
de instalaciós do ramo.

Canalejas, 91.- FERROL

**LEA VOSTÉ:**

**VENTO MAREIRO,**

(Versos)

Por RAMÓN CABANILLAS

○ ○ ○

**ABRENTE,**

(Versos)

Por VICTORIANO TAIBO

○ ○ ○

**DOCTRINA NAZONALISTA**

Por RAMÓN VILLAR PONTE

○ ○ ○

**Alén,**

(Comedia)

Por JAIME QUINTANILLA

○ ○ ○

**Mal de moitos e Trato á cegas**

Por Eugenio Charlón e M. Sánchez Hermida

○ ○ ○

**DO ERMO,**

(Versos)

Por NORIEGA VARELA



EMIAU MUNICIPAL DE VIGO